

PROTOCOLO LIMPEZA CPI DE PONTECESURES

Este protocolo aplícase co **persoal de limpeza** do **Concello de Pontecesures**.

DESCRIPCIÓN E ALCANCE

Os servizos que a continuación se detallan lévanse a cabo **en todas as instalacións** que forman o CPI de Pontecesures que están compostas polos seguintes edificios:

1. **Administración e Biblioteca.**
2. **Infantil.**
3. **Primaria e secundaria.**
4. **Ximnasio**
5. **Pavillón.**

SERVICIOS A REALIZAR DE LUNS A VENRES EN PERIODO LECTIVO

1. **Limpeza e desinfección** dos **baños tanto de alumnos como de persoal do centro** en todo o recinto consistentes en: limpeza de inodoros, urinarios, lavamáns, espellos, griferías, portas, paredes laterais de azulejos, dosificadores e chans.
2. **Limpeza e desinfección** con especial meticulosidade na zona das **aulas e baños de infantil** procedendo á limpeza de mesas, cadeiras, andeis, colchóns, inodoros, espellos, elementos de xogo e demais paramentos existentes.
3. **Limpeza da zona de administración** consistente en baleirado e limpeza de papeleiras, limpeza de mesas, equipos ofimáticos, desinfección daquelas zonas que poden ser susceptibles de ser tocadas por varias persoas como poden ser, mostradores, cadeiras, pomos de portas, chaves de luz, griferías, fotocopiadores, máquinas de café, etc.

4. **Nas zonas exteriores** procederemos ao **soprado das mesmas** (con soplador automático) para despois recoller a sucidade e depositala nos contendores.
5. **Fregado de todos os pavimentos** (en todos os edificios) con sistema de fregado en plano e microfibra

SERVICIOS A REALIZAR A CAUSA DO COVID-19

Procederase a realizar a **limpeza e desinfección de todos os baños do colexo** con **produto desinfectante homologado, dúas veces no día** despois de cada recreo ou ben cando se considere máis axeitado,

Este servizo realizarase en horario de **mañá e tarde cada día**.

TEMPO ADICADO

1. Para **levar a cabo os servizos ofertados** imos empregar un total de **25 horas** semanais.
2. Para levar a cabo os **servizos de desinfección** na xornada de **mañá** imos empregar un total de **10 horas** semanais.
3. Todos os **produtos** que se utilizarán na limpeza diaria serán **produtos ecolóxicos** certificados coa ecoetiqueta ecolólica.